



Music Factory presenta a materia completa de Linguaxe Musical de 1º de Ensinanzas Elementais de Conservatorio mediante actividades interactivas empregando a lingua inglesa. O proxecto inclúe oito unidades coa seguinte estrutura e contido:

Unidade 2

Discovering theory

Pulso - Acento - Tempos fortes e débiles - Compases binarios, ternarios e cuaternarios (movemento da man) - Compás de 2/4 - Silencio.

Let's sing!

Identificación dos sons do, mi e sol en clave de sol en 2ª liña. Lectura melódico-rítmica entoada en clave de Sol en 2ª liña cos sons do, mi e sol sen acompañamento e con acompañamento pianístico. Seguimento melódico en audición interna. Peza en 2/4.

Keeping the beat

Práctica melódico-rítmica do compás de 2/4 das seguintes figuras: branca, silencio de branca, negra, silencio de negra e dúas corcheas. Recoñecemento dos tipos de compases a través das pezas: *Up, My Doll, Twinkle, twinkle Little star, One Little, two little indians, Charlie Chick, Piano Man*.

Ear training

Recoñecemento auditivo dos sons do, mi e sol en clave de sol en 2ª liña a través de diferentes exercicios.

Creative Lab

Musicograma para aplicar percusión corporal sobre a peza *Twinkle, Twinkle Little Star*. Proposta de actividade de pensamento crítico sobre o Instrumental Orff. Creación de partituras con Musescore sobre una proposta dada.

Music around the world

Francia: *Frère Jacques*. Coñecemento da peza noutras linguas.

Language training

Práctica oral e escrita do léxico desta unidade.

Assessment

Actividades de avaliación do alumnado relativas ós contidos desta unidade. Cuestionario de avaliación, reflexión persoal e rúbrica.

Documents

Rúbrica da proposta educativa, manual de uso, guía didáctica e autoría dos recursos empregados.